

Sr. Inspector Xefe da Xefatura Territorial de A Coruña:

Os/as directores/as dos centros de ensino secundario de Santiago de Compostela: I.E.S. Antón Fraguas, I.E.S. Eduardo Pondal, I.E.S. Lamas de Abade, I.E.S. A Pontepedriña, I.E.S. de Sar, I.E.S. Xelmírez I e I.E.S. Xelmírez II, manifestan que non tendo coñecemento do cupo de profesores/as para o curso 2020-21, nin da aceptación de modificacións de horarios e/ou quendas nalgúns centros, é imposible organizar os horarios do profesorado, asignar os espazos ao alumnado e en consecuencia abrir o centro o día 16 de setembro, como recolle a Resolución do 01 de setembro pola que se establece a incorporación gradual do alumnado para o inicio do curso 2020-21.

Nunha situación de non pandemia, a maioría dos centros comezarían a última fase da organización do curso 2020-21 a partir do día 04 de setembro. A excepción dalgunha modificación puntual das vacantes, os centros de ensino terían toda a información necesaria e disporían de doce días para ter todo a punto para o inicio do curso.

A día 09 de setembro todo son incertezas. Non só non temos coñecemento das vacantes que nos corresponden. Non sabemos se as nosas propostas van ser aceptadas, tanto no relativo á modificación de horarios ou quendas como de número de docentes. Se tiveramos a información o día 10 de setembro, as reunións de Claustro non poderían realizarse antes do día 11 de setembro pola mañá, deixandó para a organización dun curso tan complexo e esixente catro días e medio, traballando sábado e domingo.

Ante esta situación os/as directores/as que subscriben este escrito comunicanlle a súa decisión de adiar o inicio de curso para garantir a toda a comunidade educativa un inicio de curso correcto.

Necesitamos un mínimo de sete días lectivos para poder organizar os centros. Se as vacantes e as modificacións de horarios son publicadas e autorizadas o día 11 de setembro, o comezo do curso non podería ser antes dos días 23, 24 e 25 de setembro. Cada día de retraso na publicación implicaría adiar un día o inicio de curso.

Santiago de Compostela, a 09 de setembro de 2020

  
IES Antón Fraguas  
Carlos Encisa de Sá.

  
IES Eduardo Pondal  
Oscar Couto Viñeglas.

  
IES Lamas de Abade  
Mª Dolores Picón García.

  
IES A Pontepedriña  
Javier Darriba Castro.

  
IES Rosalía de Castro  
Xavier Mourinho Cajide

  
IES de Sar  
Anibal García Pinal.

  
IES Xelmírez I  
Manuel Portas Fernández.

  
IES Xelmírez II  
Mª del Pilar Tobar Quintanar.